

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E CÁRITAS DIOCESANA DE OURENSE PARA O MANTEMENTO DUN DISPOSITIVO PARA A ATENCIÓN E ACOLLIDA DE MULLERES VÍTIMAS DE EXPLOTACIÓN SEXUAL E TRATA

REUNIDAS

Dunha banda, Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, que actúa en nome e representación da Consellería de Política Social e Igualdade, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

E doutra, María Tabarés Domínguez, Directora da entidade Cáritas Diocesana de Ourense (NIF R-3200098F) nomeada polo Excmo. e Rvdmo. bispo da Diocese de Ourense na data 9 de xullo de 2015, que actúa no seu nome e representación facendo uso das facultades que lle foron outorgadas por medio de escritura pública de poder autorizada o 10 de xullo de 2025 ante o Notario Dona María Isabel Louro García na cidade de Ourense, número de protocolo "dous mil trescentos dous".

Todas as partes recoñécense a súa capacidade para obrigarse e convir e,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Segundo.- Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten



competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude aprobouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Terceiro.- Que a Consellería de Política Social e Igualdade, de conformidade co Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade ten entre as súas competencias impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero.

Cuarto.- Que a Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, modificado pola Lei orgánica 10/2011, do 27 de xullo, ten por obxecto perfeccionar a coherencia normativa co Convenio número 197 do Consello de Europa, do 16 de maio de 2005, de loita contra a trata de seres humanos, que exige brindar asistencia integral ás vítimas de trata, independentemente de se colaboran ou non e da súa situación administrativa.

Que o artigo 59 bis da dita Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, dispón que os órganos administrativos competentes, cando consideren que existen motivos razoables para crer que unha persoa estranxeira en situación irregular foi vítima de trata de seres humanos, informarán a persoa interesada sobre as previsións deste artigo e elevarán á autoridade competente para a súa resolución a oportuna proposta sobre a concesión dun período de restablecemento e reflexión, de acordo co procedemento previsto regulamentariamente. O dito período de restablecemento e reflexión terá unha duración de, polo menos noventa días, e deberá ser suficiente para que a vítima poida decidir se desexa cooperar coas autoridades na investigación do delito e, de ser o caso, no procedemento penal.

Quinto.- Que o artigo 3 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, considera como unha forma de violencia de xénero a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual.

Que o artigo 47.1 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, establece que os centros e servizos que conforman os recursos de asistencia integral ás mulleres que sofren violencia de xénero teñen como finalidade básica achegarlles axuda e asistencia directa ás mulleres e ás persoas delas dependentes, e apoialas na procura de solucións dos conflitos que derivan da violencia.

Sexto.- Que o artigo 83 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, dispón que a Administración autonómica loitará contra o



tráfico de mulleres, de nenas e de nenos con fins de explotación sexual no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, establecendo que esa loita deberá realizarse a través dunha intervención integral que permita a prevención das situacións de explotación e a detección, atención e, se for o caso, integración das mulleres vítimas do tráfico de explotación sexual.

Sétimo.- Que a entidade Cáritas Diocesana de Ourense conta, dentro do Programa Alumar, cun dispositivo destinado á atención integral a mulleres vítimas de explotación sexual e trata no que se lles presta acollida, axuda e asistencia directa, procurándolles un apoio na busca de solucións dos conflitos que derivan da súa situación específica. Dentro dese dispositivo dispón dunha vivenda de seguridade, destinada a facilitarlles ás mulleres que deciden abandonar a situación de explotación dun espazo de reflexión previo á denuncia que resulte suficiente para que a vítima poida restablecerse e escapar á influencia dos traficantes e/ou poida decidir, con coñecemento de causa, a súa cooperación coas autoridades competentes.

Oitavo.- Que consonte o exposto, a Consellería de Política Social e Igualdade considera necesario o fomento deste programa que vén desenvolvendo a entidade Cáritas Diocesana de Ourense no seu dispositivo, a través da concesión dunha subvención pública.

Así, a concesión directa da subvención a través deste convenio efecturarase ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na que se prevé a posibilidade de excepcionar do réxime ordinario de concorrencia competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é poder ofertar ás vítimas de explotación sexual e trata un servizo integral, de atención, apoio, acollida e de recuperación tendo en conta a especial vulnerabilidade na que se atopan e Cáritas Diocesana de Ourense é a única entidade que conta cun dispositivo destas características na provincia de Ourense, no cal dispoñen dunha vivenda de seguridade como dispositivo de acollida destinada a facilitarlles ás mulleres que abandonan a situación de explotación un espazo de reflexión previo á denuncia, no que poidan restablecerse e escapar á influencia dos traficantes e/ou lles axude a decidir, de ser o caso, a cooperación coas autoridades competentes.



O financiamento desta actuación está enmarcada nos fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio de Igualdade), correspondentes á Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan, acordan asinar o presente convenio en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto deste convenio é establecer as bases reguladoras e as condicións que rexerán a colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a entidade Cáritas Diocesana de Ourense, a través da concesión directa dunha subvención a dita entidade, para o financiamento dos gastos correntes de funcionamento dun dispositivo para atención e acollida a mulleres vítimas de explotación sexual e trata.

O carácter singular do presente convenio, vén determinado por razóns de interese público, social e humanitario derivadas da necesidade de acollida e recuperación ás mulleres vítimas de explotación e de trata.

SEGUNDA. ORZAMENTO

A previsión do orzamento de gastos para a realización das actuacións que ten previsto desenvolver a entidade Cáritas Diocesana de Ourense, ascende á cantidade de 80.000,00 €.

Para a realización das actividades subvencionadas a través do presente convenio a Consellería de Política Social e Igualdade achegará a cantidade de 80.000,00 € (oitenta mil euros) con cargo á aplicación orzamentaria 08.06.313D.481.1 (código de proxecto 2018 00112) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma galega para o ano 2026.

O financiamento deste Convenio enmárcase nos fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, correspondentes á Comunidade Autónoma de Galicia.

TERCEIRA. COMPATIBILIDADE



Esta axuda é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a contía total das axudas non supere o 100% do importe da actividade subvencionada. No caso de que a subvención concedida supere, illadamente ou en concorrencia con outras, o custo da actividade para a que foi concedida a subvención, descontarase o exceso obtido sobre o citado custo.

CUARTA. GASTOS SUBVENCIONABLES

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada e que sexan realizados e pagados **entre o 1 de decembro de 2025 e o 30 de novembro de 2026**.

En consideración ao obxecto do convenio ten carácter subvencionable os gastos de persoal adscrito á execución do programa de acollida a subvencionar, así como os gastos correntes directamente relacionado coas actuacións subvencionadas, de acordo coa seguinte previsión:

- Gastos de persoal: 60.898,18 €
- Outros gastos correntes: 19.101,82 €

En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda. O imposto sobre o valor engadido (IVE) poderase considerar gasto subvencionable cando a entidade beneficiaria acredite mediante a correspondente certificación que se encontra acollida ao réxime de exención do IVE. En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

QUINTA. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

A xustificación dos gastos efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co previsto no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia que a desenvolve, mediante a presentación da seguinte documentación:



1. Memoria de actuación, suscrita polo órgano competente da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas, número de persoas usuarias, número de accións formativas realizadas, número de participantes e un resumo global dos resultados obtidos. Como anexo a dita memoria deben achegar unha ficha cuantitativa segundo o modelo facilitado pola Consellería de Política Social e Igualdade. Así mesmo remitirase a dita memoria co anexo en formato editable.

2. Unha memoria económica abreviada xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

a) Certificación expedida polo órgano competente da entidade, dos gastos realizados, con identificación das persoas acreedoras cos seus NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pagamento.

No caso dos custos de persoal a certificación incluírá unha relación nominal dos traballadores/as que se inclúen como xustificación das actuacións a subvencionar a través deste convenio que deberá indicar alomenos os seguintes datos: mes que se xustifica, apelidos, nome, e NIF da persoa traballadora, importes, data de pagamento, porcentaxe de imputación e importe mensual total imputado.

b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento. Acompañarase unha declaración asinada polo órgano competente da entidade indicando que as facturas orixinais están en poder da entidade.

c) Para xustificar os custos de persoal deberanse achegar os documentos que acrediten os ditos custos: copia das nóminas e documentación xustificativa do seu pagamento, e relación nominal de traballadores (RNT) e o seu pagamento (xustificantes bancarios das nóminas e recibos de liquidación á Seguridade Social (RLC) correspondentes aos meses imputados e impresos de liquidación nominal do IRPF (modelos 111 e 190).

d) Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos dentro da anualidade 2026 que leven consigo **ingresos a conta do IRPF** ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considerárase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) no que se reflecta o importe da retención ou cotización



devindicadas na data de xustificación, quedando a entidade obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidez nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario; en todo caso a dita presentación terá como data límite o derradeiro día do mes seguinte ao último trimestre do exercicio da vixencia deste convenio.

3. Declaración responsable das axudas concedidas ou solicitadas para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

4. Certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias, fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma.

Á vista desta documentación, a Consellería de Política Social e Igualdade, comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento.

Se o importe xustificado fose menor ao previsto na cláusula segunda deste convenio e sempre que se cumpra coa finalidade para a que se concedeu a subvención, procederá o pagamento da subvención na contía que sexa obxecto de xustificación.

A Consellería de Política Social e Igualdade reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación da actividade a subvencionar obxecto do presente convenio.

A xustificación deberá presentarse na Consellería de Política Social e Igualdade a través da Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero con data límite 2 de decembro de 2026.

Ademais do indicado a entidade deberá remitirle semestralmente á Consellería de Política Social e Igualdade, e dentro dos vinte primeiros días do mes seguinte a aquel, os datos das persoas usuarias do dispositivo desglosando os datos segundo os criterios previamente establecidos (mulleres/menores, nacionalidade, idade, nivel de estudos, situación laboral e grupo de vulnerabilidade).

SEXTA. PAGAMENTO ANTICIPADO E PAGAMENTOS A CONTRA

Poderanse realizar pagamentos anticipados que supoñerán entregas de fondos con



carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións previstas, atendendo aos límites máximos establecidos no artigo 63.1.Un do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que recolle que :*“Cando o importe da subvención non supere os 18.000 euros as bases reguladoras poderán prever a concesión de pagamentos anticipados de ata un 80% da subvención concedida e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario. Cando o importe da subvención concedida supere os 18.000 euros as bases reguladoras poderán prever, ademáis, pagamentos anticipados dun 10% adicional sobre o importe que exceda os 18.000 euros e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario. ”*

Poderase realizar un anticipo do 25,75 % da totalidade da subvención, previa solicitude da entidade, unha vez asinado o presente convenio.

Así mesmo, poderanse realizar pagamentos a conta por un importe de ata o 80% do importe da subvención conforme ao artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo da execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para proceder ao seu pagamento, a entidade deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula sexta, agás a memoria de actuación.

Segundo o sinalado no artigo 62.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, o importe conxunto dos pagamentos a conta e dos pagamentos anticipados que, de selo caso, se concederan non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados, nin excederá da anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

De acordo co establecido no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en relación cos artigos 62.3 e 67 do mesmo corpo legal, quedan exonerados da constitución de garantías os beneficiarios e as beneficiarias de subvencións con cargo aos créditos orzamentarios correspondentes ao capítulo IV, transferencias correntes, destinados a familias e institucións sen fins de lucro, neste caso a entidade Cáritas Diocesana de Ourense.

SÉTIMA. TRAMITACIÓN NA SEDE ELECTRÓNICA DA XUNTA DE GALICIA

A documentación relativa á tramitación deste convenio presentarse por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Para estes efectos empregarase o procedemento PR004A, que ten por obxecto a presentación



electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico establecido na normativa reguladora de cada procedemento nin cun modelo electrónico normalizado.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o sistema de usuario e clave Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

OITAVA. NOTIFICACIÓNS

As notificacións practicaranse por medios electrónicos nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).Este sistema remitirá avisos de posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil facilitados pola entidade. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.



Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

NOVENA. OBRIGAS

A entidade Cáritas Diocesana de Ourense, debe cumprir os requisitos e obrigas dos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e comprométese a:

a) Presentar, antes da sinatura deste convenio, as certificacións acreditativas de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou ben de estar ao día no cumprimento das ditas obrigas.

b) Manter o dispositivo en funcionamento e prestar un programa integral, de atención, apoio, acollida e de recuperación ás mulleres vítimas de explotación sexual e de trata, facilitando, alomenos, o aspecto do aloxamento, e acceso a atención educativa, psicolóxica, social, formativa e laboral, xa sexa por medio dos recursos propios da entidade como por medio da derivación e colaboración con outras entidades.

c) Ser titular e suxeito pasivo de todas as obrigas tributarias á Administración e á Seguridade Social correspondentes ás accións das que se derive o pagamento de impostos, retencións e cotas que leven consigo as actuacións derivadas da execución do programa subvencionado a través do convenio.

d) Realizar a divulgación das actuacións subvencionables segundo as instrucións que determine a Consellería de Política Social e Igualdade e facer constar expresamente en toda a publicidade ou presentación pública que se realice o logotipo da Xunta de Galicia, así como que as axudas están a ser financiadas con fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio de Igualdade), deixando constancia, se fora o caso, na sinalización exterior dos lugares onde se realicen as accións, e sempre nas actividades de difusión, que estas se financian cos mencionados fondos (incluíndo o logotipo do Ministerio ademais do da Xunta de Galicia e demais logotipos estipulados pola Comunidade Autónoma de Galicia).

e) Destinar os fondos percibidos ao obxecto para o que foron concedidos e non percibir ningunha remuneración por parte das persoas usuarias deste programa.



f) Someterse ás actuacións de supervisión e control dos órganos da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma e da Consellería de Política Social e Igualdade.

g) Facilitar toda a información que lle sexa requirida polos órganos competentes da Consellería de Política Social e Igualdade, da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

h) Comunicarlle á Consellería de Política Social e Igualdade a obtención de axudas ou subvencións para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración, ente público ou sociedade.

i) Manter o cumprimento dos requisitos para poder obter a condición de beneficiaria establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e tamén manter o compromiso de cumprir o resto das obrigas recollidas no artigo 11 da devandita lei e na Lei 38/2003, de 17 novembro, xeral de subvencións.

j) Subministrar á Consellería de Política Social e Igualdade, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no Título I da citada lei. O incumprimento desta obriga determinará, se é o caso, a imposición das multas coercitivas previstas no número 4 do citado artigo.

k) Reintegrar a subvención percibida no caso de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

DÉCIMA. VIXENCIA

O presente convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026. Non obstante financiaranse os gastos realizados e pagados entre o 1 de decembro de 2025 e o 30 de novembro de 2026, sempre e cando correspondan a actuacións a subvencionar.

DÉCIMO PRIMEIRA. INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre as persoas ou profesionais dependentes da entidade Cáritas Diocesana de Ourense que vaian desenvolver as actividades a subvencionar a través deste convenio e a Consellería de Política Social e Igualdade.



DÉCIMO SEGUNDA . MODIFICACIÓN, REVOGACIÓN E REINTEGRO

1. A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de modificación, revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e na Lei 38/2003, do 17 novembro.

2. Ao abeiro do artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:

a) O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionados ou da obriga da xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso ao reintegro da totalidade da axuda percibida.

b) Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga da xustificación, e dará lugar a perda do dereito ao cobramento ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

3. Será causa de extinción deste Convenio:

- O incumprimento inxustificado, total ou parcial, dos compromisos establecidos.
- O mutuo acordo, que deberá ser motivado e manifestado por escrito antes da finalización do Convenio.
- A desaparición das causas que motivaron a sinatura do Convenio.
- As establecidas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procedendo, se fose o caso, o reintegro total o parcial da axuda percibida e dos xuros de mora devindicados dende o momento do seu pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

4. De conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

DÉCIMO TERCEIRA. INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS



1. As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo a protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).
2. Os datos persoais recadados neste convenio serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se deriva da xestión da concesión directa da subvención a través do dito convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.
3. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme as referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.
4. A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións axustarase a dita normativa e coas limitacións que esta establece.
5. Como destinatarias, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información



relativa a unha materia.

6. As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

DÉCIMO CUARTA. PUBLICIDADE

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

DÉCIMO QUINTA. RÉXIME XURÍDICO DO CONVENIO

Este convenio ten carácter administrativo rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, polo disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e subsidiariamente, e para o caso de plantexarse dúbidas ou lagoas, polos principios da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.



En todo caso, o Convenio non se atopa comprendido en ningún dos contratos regulados pola Lei 9/2017, de 8 de novembro.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMO SEXTA. SEGUIMIENTO E CONTROL

1. Para o seguimento e coordinación das actuacións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes do convenio. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dúas persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dúas persoas representantes de Cáritas Diocesana de Ourense designadas polas persoas que representen a cada unha das partes así como os seus suplentes.
2. A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Administración designada pola persoa titular da Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero.
3. A persoa que ocupe a secretaría, así como a súa suplencia será unha persoa adscrita á Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero designada pola persoa que asuma a Presidencia, que actuará con voz pero sen voto.
4. Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia

E en proba de conformidade as partes asinan este convenio no lugar e data da súa sinatura dixital



POLA CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL E IGUALDADE

POLA ENTIDADE CÁRITAS DIOCESANA
DE OURENSE

A CONSELLEIRA

A DIRECTORA DE CÁRITAS
DIOCESANA DE OURENSE

Fabiola García Martínez

María Tabarés Domínguez

